


## Unha sentenza avala a obriga de cursar Relixión no Bacharelato para poder elixir Robótica

*O xulgado do Contencioso Administrativo número 2 de Compostela desestimou unha demanda dunha familia que pedía a anulación da matrícula dun alumno de 1º de Bacharelato que se viu nesta situación.*

O auto tamén exime de toda responsabilidade a Xunta de Galiza malia ser esta a que publicou o Decreto de 2015, que emana da LOMCE e que regula as materias que se deben cursar como específicas en 1º de Bacharelato. Esta mesma situación tamén se dá co alumnado que escolle Coeducación para o século XXI nese mesmo curso.

A CIG-Ensinolamenta que o xuíz encargado de ditar esta sentenza asuma como “natural” que se teña que prescindir obrigatoriamente de Robótica se non se quere cursar Relixión católica e desbote os argumentos achegados na demanda que aludía a que a obriga de optar pola Relixión para poder elixir Robótica vulnera o dereito fundamental á educación, en relación cos dereitos fundamentais de liberdade ideolóxica e de igualdade. Neste sentido, a fundamentación da denuncia contra o acto de matrícula materializado no curso 2017/2018 baseábase en que “o alumnado con conviccións relixiosas católicas poderá cursar todas as materias do currículo escolar, mentres que o alumnado que queira ver respectadas as súas conviccións verá restrinxida a súa capacidade de elección, dispoñendo dunha oferta curricular menor”. A denuncia fíxose a iniciativa da Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público e contou co asesoramento da asesoría xurídica da CIG-Ensinol.

A conclusión do auto non pode ser máis clara: se non se quere cursar Relixión hai que renunciar á Robótica, o que desde o punto de vista do sindicato implica unha clara discriminación con aquel alumnado, que no Bacharelato é claramente maioría, que non desexan ter clase de Relixión.



Viñeta Kiko da Silva © El Correo Gallego

No auto atribúese a responsabilidade desta situación exclusivamente á configuración da oferta formativa dos centros educativos, sen ter en conta que a norma que regula o currículo de 1º curso de Bacharelato emana da LOMCE e que a Consellaría de Educación tamén tería potestade para modificar esta cuestión.

No citado Decreto 86/2015 especificase que Relixión católica é a única materia específica cunha carga lectiva dunha hora semanal e que o total de horas que deben sumar as materias específicas de opción e as de libre configuración neste curso é de seis horas semanais, tendo que cursar o alumnado un total de tres. Pola súa parte, Robótica, Antropoloxía ou Coeducación para o século XXI, por exemplo, son materias de libre configuración autonómica que, segundo as Ordes da Xunta que as regulan, teñen unha carga lectiva de dúas horas semanais. Así pois, e dado que os centros teñen que ofertar, sempre que teñan matrícula suficiente, todas as materias

específicas (que teñen disparidade horaria chegando algunhas a catro horas semanais), calquera estudante que opte calquera estudante que opte por algunha das materiais de libre configuración autonómicas terá que completar obrigatoriamente as seis horas con Relixión católica.

Esta situación, como ten denunciado a CIG-EnsinO en reiteradas ocasións solucionaríase cunha regulación de carga horaria diferente das materias de libre configuración autonómica.

## A relixión fóra das aulas

En calquera caso, e dada a negativa a introducir ningún cambio por parte da Consellaría de Educación, a CIG-EnsinO insiste na necesidade de derrogar a LOMCE canto antes por afianzar a presenza e o valor académico da Relixión católica nos currículos da ESO e do Bacharelato. Desde o sindicato defendemos un ensino laico, igualitario, inclusivo e con perspectiva de país e non nos cansaremos de seguir reivindicando que a relixión se manteña fóra das aulas.



**INFÓRMATE dos dereitos que che corresponden como persoal docente. AFÍLIATE para a estar ao día de toda a información e para sermos máis fortes á hora de negociar melloras nas túas condicións de traballo.**

## OS NOSOS LOCAIS

**SANTIAGO** (Local Nacional)  
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10  
15706 Santiago de Compostela  
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839  
[santiago@cig-ensino.gal](mailto:santiago@cig-ensino.gal)

**A CORUÑA**  
Rúa Alfonso Molina s/n  
15007 A Coruña  
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735  
[acorunha@cig-ensino.gal](mailto:acorunha@cig-ensino.gal)

**BAIXO MIÑO**  
Praza da Guía 3, Baixo  
36780 A Guarda  
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465  
[baixomiño@cig-ensino.gal](mailto:baixomiño@cig-ensino.gal)

**MORRAZO**  
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1  
36947 Cangas  
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987  
[morrazo@cig-ensino.gal](mailto:morrazo@cig-ensino.gal)

**FERROL**  
Rúa Eduardo Pondal 41-43  
15403 Ferrol  
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760  
[ferrol@cig-ensino.gal](mailto:ferrol@cig-ensino.gal)

**LUGO**  
Ronda da Muralla 58, Baixo  
27003 Lugo  
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891  
[lugo@cig-ensino.gal](mailto:lugo@cig-ensino.gal)

**OURENSE**  
Parque de San Lázaro 12, 4º  
32003 Ourense  
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855  
[ourense@cig-ensino.gal](mailto:ourense@cig-ensino.gal)

**PONTEVEDRA**  
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda  
36002 Pontevedra  
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050  
[pontevedra@cig-ensino.gal](mailto:pontevedra@cig-ensino.gal)

**A MARIÑA**  
Avenida de Galicia 20, 1º  
27700 Ribadeo  
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593  
[amarinha@cig-ensino.gal](mailto:amarinha@cig-ensino.gal)

**VAL DE MONTERREI**  
Rúa Pedro González 5, 1º  
32600 Verín  
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013  
[verin@cig-ensino.gal](mailto:verin@cig-ensino.gal)

**VIGO**  
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo  
36205 Vigo  
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844  
[vigo@cig-ensino.gal](mailto:vigo@cig-ensino.gal)

**SALNÉS**  
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º  
36600 Vilagarcía  
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323  
[salnes@cig-ensino.gal](mailto:salnes@cig-ensino.gal)